



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE LUGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Diocese de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da súa ascendencia galega aos emigrantes galegos e aos seus descendentes co fin de poder acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos Fondos Parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Lugo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas competencias o de procurar que os emigrantes galegos e os seus descendentes manteñan e reforcen os seus vínculos con Galicia. Para elo, entre outras actuacións, ven prestando apoio a todos aqueles que procuren a busca de familiares ou de documentación que identifique a súa orixe, servindo de intermediación entre eles e as fontes onde se gardan os conseguíntes arquivos xenealóxicos.





O Arquivo Central Parroquial Diocesano de Lugo ven realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais dispersos por toda a xeografía da Diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social. Estes fondos documentais son de gran importancia para o mundo da emigración, pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a demostrar a súa ascendencia galega a moitos dos descendentes dos emigrantes galegos.

Entre os fondos parroquiais atópanse os “libros sacramentais”. Estes libros teñen o seu comezo no século XVI e nestes anotábanse polos párrocos a celebración dos diversos sacramentos celebrados nas parroquias como bautismos, matrimonios e defuncións, facendo constar neles, ademais dos datos da persoa, o nome, data e lugar de nacemento, nome e orixe dos seus pais e dos seus avós así como o nome e domicilio dos padriños. Estes libros constitúen unha fonte de información xenealóxica, demográfica e social dun valor incalculable.

Dadas as características das actuacións a desenvolver e a natureza da entidade, esta secretaría xeral, tendo en conta o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera ao Arquivo Central Parroquial Diocesano de Lugo, como idóneo para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, non sendo posible promover a concorrência pública pois estes fondos atópanse unicamente nos libros sacramentais das Dioceses e subscríbense convenios coas cinco Dioceses que abranguen toda a distribución territorial de carácter relixioso da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o





recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 5 de abril de 2016.

